



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/3  
Sesión Plenaria  
mércores 18 de abril de 2018

## ACTA Nº 2018/3

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALÓN DE PLENOS, MÉRCORES 18 DE ABRIL DE 2018 -

No día de hoxe, ás 08:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

#### ASISTENTES

Don Manuel Fernández Munín  
Dona María del Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Dona Ana María Seijo Mosquera  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Alejandro Bermúdez Devesa  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Dona Ana Isabel Alonso Taboada  
Don Xabier Canabal Fernández  
Dona María del Carmen Soutullo Carolo  
Don Perfecto Barcala Mosquera

#### SECRETARIA - INTERVENTORA

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA

##### 1 Aprobación da acta anterior

##### 2 Moción presentada polo grupo Veciñ@s relativa ó procedemento de información pública do proxecto de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/3  
Sesión Plenaria  
mércores 18 de abril de 2018

## **explotación mineira en Touro - O Pino, localizado sobre a bacía do Rio Ulla.**

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1 Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade apróbase a acta da sesión ordinaria realizada o día 14 de marzo de 2018 .

#### **2 Moción presentada polo grupo Veciñ@s relativa ó procedemento de información pública do proxecto de explotación mineira en Touro - O Pino, localizado sobre a bacía do Rio Ulla.**

#### **RESOLUCIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN CONTRA DO PROXECTO MINEIRO DE TOURO - PINO.**

O DOG do pasado 25 de agosto de 2017 publicou para o seu sometemento a información pública o Proxecto de Explotación mineira “San Rafael nº 2946” situada sobre os concellos de Touro e O Pino.

Este xacemento foi explotado anteriormente entre 1970 - 1986 deixando unha grande superficie cuberta por entullos, balsas de lodos..., e trinta anos despois non se restauraron todas as superficies afectadas, provocando no entorno unha forte contaminación dos solos e das augas.

Co novo proxecto van actuar durante dezaseis anos e medio sobre 689,65 hectáreas das 1.827 que ocupa a concesión, en dez ocos mineiros a ceo aberto dos que se prevé extraer 267,10 millóns de toneladas de materiais. Nos primeiros tres anos vanse verter ata mil millóns de litros anuais de augas, que despois de ser empregada no tratamento químico necesario para precipitar os metais, será vertida ao Dominio Público Hidráulico, e os lodos almacenaranse en dúas balsas, unha cunha capacidade de 34 millóns de toneladas, e outra permanente formada entre as cortas de Arinteiro e Vieiro (Lagoa de Arinteiro e Vieiro) cunha capacidade de 69 millóns de toneladas, e debido a que estes son os residuos máis perigosos, por ser

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/3  
Sesión Plenaria  
mércores 18 de abril de 2018

xeradores de drenaxes ácidas mobilizadoras de metais, vanse almacenar en depósitos, ademais de proxectar unha entulleira de estériles non inertes con menor capacidade de mobilización de metais.

Dado que a empresa non garante dabondo que os metais tóxicos, os reactivos das augas do proceso, as lixivacións das cortas e das entulleiras non vaian afectar ás augas e sedimentos do Río Ulla, polo que os concellos situados río abaixo da mina poden verse afectados pola contaminación das augas do río nas captacións de auga potable.

A execución deste macro - proxecto pon en risco a principal área de produción de moluscos da UE, a Ría de Arousa, as captacións de auga potable dos concellos de Vedra, Boqueixón, Teo, Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Pontecesures, Valga, Catoira e Vilagarcía de Arousa, e tamén os valores naturais protexidos como o ZEC Sistema fluvial Ulla - Deza e o Humidal Ramsar Complexo Intermareal Umia - O Grove - Carreirón.

#### **ACORDOS:**

**PRIMEIRO:** O Concello de Boqueixón amósase clara e contundentemente en contra do Proxecto de Explotación mineira de cobre San Rafael, nº 2946, sita nos concellos de Touro O Pino.

**SEGUNDO:** O Concello de Boqueixón insta ás Consellarías do Mar e de Economía, Emprego e Industria que se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto presentado coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429.5.

**TERCEIRO:** O Concello de Boqueixón insta á Xunta de Galicia para que promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados, para como

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/3  
Sesión Plenaria  
mércores 18 de abril de 2018

mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade ambiental do Río Ulla e da Ría de Arousa.

Segue dicindo o Sr. Canabal que o Sr. Alcalde non efectuou a declaración institucional en contra do proxecto da mina, tal como se acordara no Pleno do día 31/01/2018 e por este motivo se viron obrigados a solicitar este pleno extraordinario, porque a mina vai ter un forte impacto ambiental, vai eliminar mananciais de auga para o consumo doméstico, vai ter impacto paisaxístico e para a saúde, ademais dos ruídos que se producirán e que tamén poderán afectar á saúde. Xa son 20 os concellos do contorno que se manifestaron en contra deste proxecto.

A continuación o Sr. Alcalde dí: O proxecto que está sometido a información pública sitúase unicamente na parte norte da concesión de explotación San Rafael, e non sobrepasa en ningún caso os seus límites.

Una parte importante da superficie incluída no proxecto de explotación xa foi afectada durante a etapa anterior. Como resultado deste proxecto, toda a extensión afectada, incluída toda a afección dos anos oitenta, será restaurada e rehabilitada para usos futuros, isto significa que o proxecto una vez aprobado suporá a solución completa ó problema das augas ácidas tanto da anterior fase de explotación como da actual, e se inclúen as garantías necesarias para que isto sexa así.

No caso de autorizarse o proxecto, como requisito esixido pola lexislación mineira, a empresa deberá constituír as garantías financeiras suficientes que garantan a restauración dos terreos afectados, antes de iniciarse os traballos de explotación. Actualmente a empresa ten constituída una garantía provisional de 679.030,06 euros. A eficacia administrativa da autorización no caso de autorizarse estará condicionada á constitución das garantías que se determinen como definitivas, así como un seguro de responsabilidade civil para afrontar os danos que puidese causar a actividade.

Dentro do trámite de aprobación do proxecto de explotación, ademais de ser sometido a información pública, son preceptivos os informes dos seguintes organismos:

Concello de Touro, Concello de O Pino, Augas de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Instituto de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/3  
Sesión Plenaria  
mércores 18 de abril de 2018

Estudos do Territorio, Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Dirección Xeral de Ordenación Forestal, Dirección Xeral de Saúde Pública, Instituto Geolóxico y Minero de España, Sociedade Galega de Historia Natural, Federación Ecoloxista Galega e Sociedade Galega de Ornitoloxía.

Cada un destes entes debe de revisar o proxecto no ámbito das súas competencias, e impoñelas condicións que considere procedentes. Non se autorizará o proxecto con informes esenciais desfavorables.

O promotor do proxecto, unha vez recibidas todas as alegacións e os informes solicitados, contestará a todas as obxeccións plantexadas e presentará una versión definitiva do proxecto de explotación, o plan de restauración e o Estudo de Impacto Ambiental que incluírá os condicionados impostos polos organismo consultados.

O procedemento de avaliación do impacto ambiental iniciárase coa remisión a Medio Ambiente do proxecto, alegacións, informes e contestación do promotor e rematará coa formulación da Declaración de Impacto Ambiental que incluírá a valoración de todos os factores ambientais e socioeconómicos.

O Grupo Popular de Boqueixón non vai apoiar a moción presentada a este pleno polo grupo municipal de Veciños polas seguintes razóns:

1º.- Un proxecto das características que acabo de describir, está sendo sometido a un exame tan exhaustivo e rigoroso e por tantos e tan diversos organismos que é imposible que se lles cole a todos algún aspecto normativo que non se cumpra.

2º.- A Xunta de Galicia é a Administración que ten que decidir a autorización ou non do proxecto, este Concello xa lle trasladou no seu momento a nosa preocupación polas consecuencias sobre o subministro de auga potable ós nosos veciños dun hipotético vertido de augas contaminadas o río Ulla, polo que se esixiu que se garanta o cen por cen que iso non se vai a producir.

3º.- Nos cremos que todos os técnicos das distintas administracións que estudan o proxecto son o suficientemente capaces de informar positiva ou negativamente sobre a viabilidade do proxecto sen ningún tipo de presións,

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/3  
Sesión Plenaria  
mércores 18 de abril de 2018

nin mediáticas nin por suposto políticas, e polo tanto non somos partidarios de mais inxerencias na toma de decisións por parte doutras administracións.

4º.- Nos últimos días eu, como alcalde de Boqueixón, previa convocatoria pola miña parte remitida a todas as casas reuníme cos veciños das parroquias de Gastrar, Lestedo, Sergude, Vigo e Loureda, e a preocupación veciñal pola mina de Touro é cero, polo que non consideramos procedente opoñernos a unha autorización de explotación no caso de que esta reúna todos o requisitos legais.

De seguido o Sr. Canabal dí que en ningún caso na súa proposta se arroga as competencias da comunidade autónoma. Só queremos, segue dicindo o Sr. Canabal, manifestarnos e só como unha medida de presión.

O Sr. Alcalde, respóndelle que é unha medida de presión mediática e que cada persoa pode ter a súa idea. O que se debe ter en conta, segue dicindo o Sr. Alcalde, é si o proxecto é seguro e ten visos de viabilidade.

O Sr. Canabal dí que eles poden estar a favor ou en contra e que ademais os técnicos non deciden e que o Sr. Alcalde dixo que o concello manifestou a súa preocupación pola augas do río Ulla e que non viu o escrito no rexistro de saída.

O Sr. Alcalde dí que tiveron xuntanzas con varias parroquias e a preocupación é cero.

Dí o Sr. Barcala que na súa parroquia é grande.

Dí o alcalde que terán unha xuntanza nesa zona.

O Sr. Canabal dí que o máis preocupante é o das augas do río Ulla, e que se quen decide as cousas deste Pleno está fora do Pleno, quen decide?. E por outro lado a súa palabra queda comprometida no que se refire á defensa do concello.

Procédese coa votación e cos votos a favor do grupo Veciñ@s e en contra do PP, rexéitase esta moción.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/3  
Sesión Plenaria  
mércores 18 de abril de 2018

Ás 9.00 horas non hai máis asuntos que tratar e por orde da presidencia levántase a sesión, da que estendo esta acta, da que eu secretaria interventora dou fe.

Boqueixón, venres 20 de abril de 2018

A secretaria interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)